

Libros

Hélène Blanc e Renata Lesnik, “Les prédateurs du Kremlin (1917- 2009)”, Paris, Editorial Seuil, 2009. 341 páxinas. ISBN: 978-20209939-13

Recoñecidas “kremlinólogas”, Hélène Blanc e Renata Lesnik son co-autoras de numerosos obras que tratan temáticas relacionadas co mundo soviético. A exhaustividade e o rigor son dúas tónicas que se repiten nos seus escritos e “Les prédateurs du Kremlin (1917- 2009)” non será unha excepción. A través dunha impresionante documentación, ofrécenos unha mirada lúcida, clara e incrivelmente actual da realidade rusa accesible a todo tipo de lectores.

O obxectivo principal das autoras é terminar cos malentendidos existentes en Europa sobre o antigo imperio soviético e os países membros da UE que veñen do frío. Para iso, Blanc e Lesnik prologan este libro cunha asombrosa análise dos sucesos de agosto do 2008 en Osetia do Sur, tratando temas como a Rusia bolxevique, a stalinista e a era de Putin- Medvedev, dende ópticas internas e internacionais.

Esta obra indaga con moito acerto en temas tan candentes como o papel do KGB, as leis de lustración das repúblicas ex soviéticas ou a posibilidade dun “Nüremberg bolxevique”. Ademais, Blanc e Lesnik afondan en dúas personaxes do teatro da URSS: Lavrenti Beria, ex xefe da NKVD (antecesora do KGB) entre 1938 e 1953, durante a etapa stalinista; e Yuri Andropov, o tamén ex director do KGB e ex presidente soviético (1982-1984), poñéndose en evidencia os espectaculares paralelismos entre ambas personaxes.

Máximos dirixentes do KGB e do totalitarismo soviético, Beria e Andropov tamén induciron determinadas visións “liberais” e “reformistas” que, paradoxalmente, permiten albiscar unha posible perspectiva de vinculación das súas visións ás políticas adoptadas pola perestroika de Mijaíl Gorbachov entre 1985 e o final da URSS, en 1991. Considerando este inédito contraste, entenderemos mellor por que Putin (e non Medvedev) loita por desmitificalos, chegando incluso a moldear os contidos dos libros de Historia. Estamos ante a pretendida democracia que Putin deslómbase por aparentar, ou máis ben ante unha “democradura” ao estilo de Potemkin?

O FSB, sucesor do KGB, tampouco quedará alleo. Dunha parte, fá-lase da “dékagébisation” das ex repúblicas soviéticas, entre as cales algunha é membro da UE, dos procesos de lustración destes países, sen pasar por alto as compoñentes xeopolíticas dos Estados fronteirizos con Rusia (especialmente Ucraína). Por outra, abórdase o que as autoras chaman a “dinastía

do KGB", iniciada por Putin, e non por Andropov, na que o Estado ruso caracterizase por dous compo entes principais: o Goberno, controlado ata a extenuaci n por Vladimir Putin; e o FSB, o "brazo armado" do Goberno. Ambos elementos entrel zanse a tal punto que se chegan a confundir, falando as autoras da Kremlyanka (Kremlin m ais Lubyanka, sede do KGB).

Adicando un cap tulo completo   Igrexa "pouco ortodoxa" e facendo claras alusi ns aos negocios sucios das oligarqu as rusas afincadas tanto dentro como f ora, nomes e apelidos, cifras e empresas son evocados sen pelos na lingua. Pero, acaso non existen disidentes que se alcen ante tales inxustizas? Eles tam en te nen o seu espazo reservado nesta obra: a s ua desgraciada historia non quedar a, en absoluto, sen narrar.

Polo tanto, estamos ante d uas Rusias: dunha parte, a dos capitalistas fara nicos rusos, a dos neochequistas, a dos laboratorios segredos do KGB, a que odia pero necesita de Occidente; e a do pobo resignado, manipulado, maltratado, que so na coa democracia, a estabilidade e a prosperidade. Un so no que semella moi lonxe de converterse en realidade.

Carmen Antol n Pichel

Aguirre, Mark, "Camboya. El legado de los Jemeres Rojos", Colecci n Ensayo, El Viejo Topo, Madrid, 2009, 224 p axinas. ISBN: 978-84-92616-15-2

  dif cil esquecer a magnitude e o sufrimento incalculable provocado por un dos feitos m ais dram ticos e tr xicos da historia moderna do s eculo XX, o xenocidio camboxano. Tras os devastadores bombardeos norteamericanos, continuaron no pa s tres anos e oito meses de r exime dos xemeres vermellos, acaudillado e encabezado por Pol Pot, perpetrando unha ditadura de car cter mao ista sen concesi ns. Neste per odo, preto dunha cuarta parte da poboaci n estimada en Camboxa morreu v tima de atroces traballos forzados, tortura e fame.

Con estupor, a lectura desta obra rem itenos a unha aut ntica radiograf a da evoluci n hist rica, pol tica e social camboxana dende a  poca de Angkor Wat, ancestral centro e santuario relixioso do reino camboxano, que perdura e subsiste como o orgullo do seu pobo, ata o derradeiro goberno de Hun Sen, primeiro ministro en diversas etapas desde 1985 ata o presente, nun per odo marcado por unha forte apertura ao desenvolvemento econ mico e social dentro dunha sociedade na que o medo e as crenzas budistas son os trazos m ais presentes e latentes, a nda na actualidade.

Mark Aguirre viviu na capital camboxana, Phnom Penh, durante o establecemento do tribunal que vulgará unha reducida lista de altos dirixentes do réxime de Pol Pot e lembra neste libro os 30 anos que as vítimas do xenocidio tiveron que agardar para albiscar un mínimo indicio de xustiza. Esta experiencia en primeira persoa do autor, así como a interesante diagnose de arquivos do Centro de Documentación de Camboxa e as reveladoras entrevistas a verdugos e vítimas, desentraña e rastrea unha minuciosa e completa bagaxe de todos os acontecementos ocorridos antes e despois da toma de poder dos xemeres vermellos.

No seu capítulo preliminar, amósasenos a estratexia xenocida, disposta a exterminar todo rastro de capitalismo, burguesía, conglomeracións urbanas, núcleos familiares, clases medias, intelectuais e calquera influencia estranxeira. Un país destruído, onde a drástica política de impor o horror cotián a todos aqueles que ante os ollos do Estado eran declarados "inimigos sospeitosos". Durante os anos do réxime de Pol Pot, entre 1975 e 1979, Camboxa, guiada por unha furia cega, deixou como saldo unha barbarie inhumana caracterizada severamente por tal desfeita que a día de hoxe aínda está patente no temor da súa poboación. Temor tamén artellado ante un goberno actual no que altos cargos foron antigos membros dese réxime, incluíndo entre eles ao mencionado Hun Sen.

Obviamente, o libro non está exento da análise dos anos que transcorreron na antiga Kampuchea Democrática. A súa independencia de Francia en 1953 que conleva a asunción polo rei Sihanouk da xefatura de Estado en 1960, implementando unha política de neutralidade que lévalle a afastarse de EEUU para, finalmente, aliarse rixidamente a China e, por contradictorio que pareza, dando inicio a unha verdadeira "caza de bruxas" contra os comunistas, alarmado por un posible ataque norteamericano.

En 1970, un golpe de Estado derroca ao monarca Sihanouk, arrebatándolle o poder o seu propio primeiro ministro, Lon Nol. Durante os cinco anos deste novo goberno, marcado por unha política pro-estadounidense e conservadora, involucra a Camboxa directamente na Guerra de Vietnam. Inmediatamente, comeza un período de conflitos internos e externos para o país, asemade permitindo que EEUU bombardease ilegalmente Camboxa.

As brutalidades dos bombardeos e a invasión puxeron á poboación camboxana decididamente do lado dos xemeres vermellos, réxime que perdura ata que Vietnam invade o país en 1979, poñendo punto final ao réxime de Pol Pot. Como consecuencia, a guerra civil e a guerra contra a ocupación vietnamita prolongaron o tempo de violencia no país ata 1989, deixando un total de 19 anos consecutivos de sucesos verdadeiramente tráxicos a unha poboación abatida pola crueldade, o furor sanguinario e a pobreza.

Non menos enigmática é a última parte do libro, onde Mark Aguirre visita a fronteira con Tailandia, refuxio dos escasos xemeres vermellos ata

a morte de Pol Pot en abril de 1998, recollendo testemuños que nos levan a recobrar os últimos anos do abismo terrorífico "polpotiano" e as súas consecuencias na actual Camboxa.

Esther Castro Cidre

Luismi Uharte Pozas, "El Sur en Revolución. Una mirada a la Venezuela Bolivariana", Editorial Txalaparta, Nafarroa, outubro de 2008. ISBN: 978-84-8136-526-9

O crecente interese editorial sobre o proceso revolucionario "bolivariano e socialista" en Venezuela obriga a considerar diversas perspectivas sobre o alcance dos cambios que se viven non só neste país senón na rexión latinoamericana. Perspectivas algunhas abertamente simpaticizantes co proxecto impulsado polo presidente Hugo Chávez e outras, con distintos matices, moito máis críticas e reaccionarias.

Este interese editorial incrementa a súa presenza no escenario bibliográfico de fala hispana, con aproximacións que desenvolven esta variedade de perspectivas, en contra e a favor, pero que enriquecen a análise do proceso venezolano. Son os casos recentes dos libros do historiador mexicano Enrique Krauze, do sociólogo Heinz Dieterich, teórico do Socialismo do Século XXI, ou do historiador marxista galés Alan Woods, sorte de actual mentor ideolóxico de Chávez.

"El Sur en Revolución", materia desta recensión, afronta unha visión parcial sobre estas perspectivas. O seu autor, Luismi Uharte Pozas, natural do País Vasco, politicamente afín a Askapena e radicado en Venezuela desde 2005, ofrece unha visión de claro carácter militante aínda que non menos valiosa: consolida esa perspectiva determinada pola súa experiencia humana e profesional dentro do sector educativo e comunicativo, a través dos eixes comunitarios impulsados polo proceso revolucionario.

Como antecedentes históricos, Uharte Pozas realiza unha aproximación aos procesos revolucionarios latinoamericanos (Cuba, Chile baixo Allende, Nicaragua sandinista) para centrarse no estudo da estrutura social, política e económica da Venezuela contemporánea anterior á ascensión, en 1999, da Revolución Bolivariana ao poder.

Baseándose en conceptos de corte marxista aderezados cunha visión persoal sobre a historia contemporánea latinoamericana e venezolana, o autor expón a matriz de análise da súa obra, concibida en torno a como a Revolución Bolivariana evidencia a recuperación da loita polos valores socialistas contra

o paradigma capitalista. Así, o autor considera que a Venezuela de Chávez asume o compromiso de liderar unha nova vangarda socialista e autónoma de carácter mundial, repetición do sono guevarista do "home novo" pero baixo un contexto distinto, dominado polas "forzas do capitalismo neoliberal".

Resulta interesante o nivel de análise de Uharte Pozas sobre a fortaleza da revolución socialista venezolana para liderar esta vangarda global contra o capitalismo neoliberal. Aquí entronca cos valores democráticos e sociais da revolución de Chávez, cos seus evidentes logros en materia educativa e sanitaria así como na configuración dun novo modelo económico "endógeno", constantemente cercado por diversas "forzas reaccionarias" propias do que o autor considera "a insurrección da burguesía" venezolana e dos seus aliados exteriores.

O libro resulta así prolífico en canto á análise e consideración dos avances e alternativas presentadas pola Revolución Bolivariana: as misións educativas (Robinson, Ribas e Sucre) e sanitarias (Barrio Adentro); a asistencia alimentaria (Mercal); un modelo alternativo de comunicación (TELESUR) e o fortalecemento dos eixes enerxéticos, financeiros e económicos a través da OPEP, PETROSUR, PETROCARIBE, o Gasoduto do Sur, Banco do Sur e a Alianza Bolivariana para as Américas (ALBA). Todo isto artellado en torno aos mecanismos estipulados na "democracia participativa e protagónica", reafirmada popularmente a través dos sucesivos procesos constituíntes e electorais, da mobilización popular e dos denominados "consellos comunais" como órganos de participación e organización política e social.

Non obstante, non se desdeñan as críticas "construtivas". Ao igual que na reaccionaria "insurrección da burguesía", o autor observa un claro efecto pernicioso no ascenso dunha nova clase social e económica, vulgarmente denominada "Boliburguesía", viciada do burocratismo e da corrupción que a propia revolución propúxose "extirpar". Cómpre preguntarse, como deixa entrever o autor, se resulta inevitable a posible asunción no proceso venezolano dunha "revolución na revolución", citando a Regis Debray, para afirmar e ampliar os avances necesarios en materia de solidariedade, xustiza social e liberación autónoma.

A pesar do marcado ton militante e simpatizante de Uharte Pozas coa Revolución Bolivariana (confirmada tamén na bibliografía utilizada polo autor), o libro resulta imprescindible para ampliar as visións e perspectivas sobre un proceso tan complexo como o que vive actualmente Venezuela. Un texto alegórico sobre as potencialidades do denominado "Vento do Sur" como alternativa revolucionaria para combater as secuelas do capitalismo global, actualmente en fase crítica.

Roberto Mansilla Blanco

Emilio Guerrero, Modesto "El MERCOSUR y la Revolución Bolivariana",
Centro para la Formación y Comunicación de los Trabajadores de la
Cultura, CEFOCOTRAC, Caracas, 2006, 125 páxinas. ISBN: 980-12-2315-4

O libro que presentamos aquí ven directamente de Venezuela, nunha edición realizada polo Centro de Formación e Comunicación dos Traballadores da Cultura de Venezuela (CEFOCROTAC). Un texto de formación dentro da política de comunicación e educación permanente das institucións venezolanas (o que enriquece a lectura ao trasladarnos un bocado físico da "realidade bolivariana"), de Modesto Emilio Guerrero, xornalista e debuxante venezolano de tradición militante e continental, o que lle facilita a visión integral que para o continente sudamericano supón o nacemento do MERCOSUR.

O texto, do 2006, analiza a incorporación de Venezuela ao MERCOSUR, a unión aduaneira fundada por Brasil, Arxentina, Paraguai e Uruguai en 1991. Xa nas súas primeiras páxinas o autor advirte da inflación de procesos integracionistas en Sudamérica (que sería o grande tema deste libro), aínda máis diversificados na actualidade que nos tempos da redacción do texto. A UNASUR e a ALBA parecen actualmente máis xeradores de titulares nos xornais e nos informativos ca o MERCOSUR.

Sen embargo, a lectura axuda a coñecer esta historia particular, dentro da numerosa pléiade de historias da integración continental, que actualmente aparece difusa na axenda global das relacións internacionais. Pero o MERCOSUR non para, diso da conta o enredo da aprobación oficial do ingreso venezolano polo Senado brasileiro o pasado 30 de outubro de 2009.

O texto, que é máis un conxunto de reflexións persoais do autor ca un estudo sistemático sobre Venezuela e o bloque do Sur, pode ser dividido en dúas grandes partes. Na primeira acódesse brevemente as lóxicas iniciais do acordo para enfatizar a nova dinámica que representa a integración venezolana para o MERCOSUR, a esencia en disputa que abre o primeiro capítulo, ao por en tensión as esixencias do libremercado dentro do bloque coas políticas xerais dos Estados integrados nel. Desta maneira, visibiliza aos grupos mediáticos dos Estados do MERCOSUR para analizar a proxección pública que os poderes tradicionais transmiten da Venezuela bolivariana, sempre unidireccional e fortemente catastrofista.

Desa esencia en disputa entre as ideas liberais que fundamentaron o bloque sudamericano e os novos rumbos de corte socialista (e experimental) da Revolución bolivariana, despréndese unha análise máis específica dos intereses das partes no acordo incluínte. Dunha banda, a riqueza enerxética venezolana resulta un estímulo poderoso para derrubar o vello modelo do MERCOSUR. Doutra, a Venezuela comprometida coa necesidade dun esforzo no plano internacional, ten no MERCOSUR unha pata máis da enredadeira

de alianzas que xerou nos últimos dez anos, co fin de blindarse das diferentes conxunturas que poden dar ao traste cun proceso de radical transformación social coma o bolivariano.

Esta primeira parte serve así para arroupar a segunda, na que se contextualiza a Revolución Bolivariana no plano histórico-teórico, e aborda o debate da integración rexional americana dende unha visión máis ampla, contrapondo os discursos panamericanos aos latinoamericanismos, que son motivo de debate entre os modelos de democracia liberais apadriñados por EEUU, e os modelos de goberno sudamericanos de corte máis endógeno e habitualmente caracterizados de "populistas". Desta maneira, resulta interesante a relectura do ciclo bolivariano, as loitas contra a ALCA e o nacemento da ALBA, dentro desa estratexia internacional do chavismo, particularmente definidas de portas cara dentro do seu continente. Finalmente, preséntase un capítulo sobre os riscos e as tentacións do proceso nas que se defende a posibilidade que o proceso teña trazos contraditorios, mesmo altamente contraditorios.

A idea final do texto resulta clara, mesmo tres anos despois da súa edición. Na América Latina estase a definir a integración rexional posible, os diferentes actores presentan os seus programas e das interactuacións destes nacen novos camiños e novas contradicións, deixando un futuro aberto, de intensidade crecente pero pouco definido. A historia non parou.

Daniel González Palau